

**COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS**



**Porto de Vigo**



**Autoridade Portuaria de Vigo**

**INFORMACIÓN PREVENTIVA PARA AS EMPRESAS QUE  
REALIZAN A SÚA ACTIVIDADE NA ZONA DE SERVIZO DO  
PORTO DE VIGO**



## **AVALIACIÓN DE RISCOS E MEDIDAS PREVENTIVAS DAS INSTALACIÓNS PORTUARIAS**

Co obxecto de cumprir a normativa vixente en materia de seguridade, e en especial o Real decreto 171/2004, que ten por obxecto o desenvolvemento do artigo 24 da Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais, referido á coordinación de actividades empresariais, defínense a continuación os riscos aos que están sometidas as persoas que desenvolven o seu traballo nos peiraos desta autoridade portuaria. A avaliación de riscos vén acompañada das medidas preventivas e de emerxencia correspondentes.

A información de carácter preventivo que lles facilitamos neste documento debe ser trasladada a todos os traballadores da empresa e ás empresas contratadas ou subcontratadas polo empresario titular e/ou principal, cando estes realicen traballos na Zona de Servizo da Autoridade Portuaria de Vigo para unha mellor coordinación das actividades e de acordo coa lexislación vixente en prevención de riscos laborais.

Este documento entrégase ás empresas a través da xerencia ou dos responsables de prevención de riscos, e é responsabilidade destes dar a coñecer este documento aos seus empregados e ás empresas contratadas ou subcontratadas pola empresa.



## I. RISCOS XENÉRICOS PRESENTES NA ZONA DE SERVIZO

- Atropelos, golpes ou choques por vehículos. Presenza de distintos tipos de vehículos: automóbiles, camións, carretillas elevadoras, guindastres autopropulsadas, tren, vagóns e outra maquinaria rodante.
- Golpes ou choques contra obxectos inmóviles.
- Caídas a distinto nivel, en especial caída ao mar e en plataformas de carga/descarga.
- Caída ao mesmo nivel debido a superficies irregulares, desniveis, manchas de aceite, chan mollado ou esvaradío etc.
- Caída de obxectos por derrubamento na zona ou radio de acción dos guindastres.
- Caída de obxectos ou materiais almacenados, amoreados ou estibados en zonas de almacenamento, como explanadas e plataformas.
- Torceduras debido a pisadas sobre obxectos, vías, desniveis, irregularidades no firme etc.
- Proxección de fragmentos ou partículas en ollos, especialmente en días ventosos por presenza de po (cereais, cemento ou outros produtos pulverulentos nas zonas de carga/descarga).
- Riscos diversos intrínsecos ás mercadorías perigosas e produtos químicos presentes en tránsito nas vías ou estibados nos peiraos.
- Riscos diversos intrínsecos ás substancias perigosas e produtos químicos presentes nas concesións, autorizacións, edificios da APV, buques, obras... con motivo da súa actividade.
- Riscos diversos intrínsecos aos locais e zonas de risco especial.

## II. NORMAS E MEDIDAS PREVENTIVAS

- Respetar as normas de circulación.
- Non se poderá circular a máis de 30 km/h dentro do recinto portuario.
- As carretillas non poderán circular a velocidade superior a 10 km/h en todos os seus desprazamentos.
- Lémbrese a obrigaón de cumprir e respectar a sinalización de circulación e riscos existente no recinto portuario.



- Os vehículos que esperen para cargar/descargar permanecerán estacionados nunha zona afastada da de carga/descarga e só entrarán na plataforma do peirao no momento de realizar as operacións.
- Na zona acoutada para as manobras de carga/descarga a maquinaria rodante e os camións circularán lentamente (velocidade inferior a 10 Km/h).
- Non deberá permanecer noutros lugares distintos daqueles nos que realice a súa actividade e dispoña da correspondente autorización.
- Deberanse seguir en todo momento as indicacións do persoal da autoridade portuaria (policía portuaria, seguridade e protección, medio, obras...).
- Deberase coñecer o punto de reunión en caso de evacuación máis próximo á zona de traballo.
- Para acceder ás distintas zonas do recinto portuario debe considerarse a necesidade de utilizar equipos de protección individual e en especial:
  - Casco de seguridade, calzado de seguridade con punteira reforzada e piso antiescorregadizo, e peza de roupa de alta visibilidade en zonas de carga, descarga e manipulación de mercadorías.
  - Calzado de seguridade con piso antiescorregadizo en pantaláns e naves de vendas (lonxas).
  - Pezas de roupa de alta visibilidade en traballos en peiraos, zonas de almacenamento e vías.
- Soamente se poden estacionar vehículos nas zonas habilitadas para iso.
- Non está permitida a circulación de vehículos lixeiros pola zona de carga/descarga e manipulación de mercadorías e especialmente baixo o radio de acción dos guindastres.
- Non está permitida a circulación polas zonas de almacenamento.
- Non están permitidas as operacións de carga/descarga de vehículos nas vías.
- Lémbrese que no recinto portuario circulan trens de mercadorías e realízanse manobras con vagóns.
- Nas zonas nas que se manipula material pulverulento (cemento, sal...) recoméndase o uso de lentes de seguridade que protexan os ollos de posibles proxeccións de



fragmentos e/ou partículas en especial en días ventosos e ata protección respiratoria.

- Camiñar preto do cantil dos peiraos debe facerse con precaución por risco de caídas ao mar e recoméndase para traballos nas proximidades dos cantís o uso de chalecos salvavidas. Por este motivo, a autoridade portuaria colocou nos peiraos ou proximidades aros salvavidas, e dispón tamén de escalas e escaleiras.
- Baixo ningún concepto se deberán manipular cadros eléctricos e equipos de traballo, salvo persoal autorizado.
- Deberán respectarse as normas básicas de orde e limpeza. Cando se realicen traballos dentro do recinto ou en instalacións portuarias, deberá deixarse o lugar de traballo limpo e ordenado, nas mesmas condicións nas que se atopou.
- Nos desprazamentos a pé, deberán respectarse as zonas para peóns.
- Os peóns non se situarán próximos a zonas onde estean a traballar guindastres ou máquinas.
- A autoridade portuaria dispón dun catálogo de instrucións (seguridade, protección, medio e explotación marítimo-portuaria) que deberá respectarse en todo caso. Pode consultarse na páxina web da Autoridade Portuaria de Vigo ([www.apvigo.es](http://www.apvigo.es)).



### III. ACTUACIÓNS EN CASO DE EMERXENCIAS

O Porto de Vigo conta cun Plan de autoprotección para a xestión e control das situacións de emerxencia que se poidan producir na Zona de Servizo Portuaria, entendendo por emerxencia calquera suceso, tal como unha fuga ou derramo, incendio ou explosión, que sexa consecuencia dun desenvolvemento non controlado da actividade e que supoña unha situación de grave risco, inmediato ou diferido, para as persoas, os bens e o medio ambiente.

A Autoridade Portuaria de Vigo dispón dun Centro de Control do Porto (CC), cun teléfono operativo as 24 horas do día todos os días do ano, desde onde se canalizan as emerxencias e se lles dá aviso aos medios necesarios en cada emerxencia, tales como: ambulancias, bombeiros, remolcadores ou outros medios necesarios.

**Centro de Control de  
Emerxencias  
900 100 802**

#### NOTIFICACIÓN DE EMERXENCIAS

Se detecta algunha situación de emerxencia debe alertar o persoal da zona e notificar a emerxencia ao CCE, aínda que decidan chamar directamente aos medios externos que consideren necesarios. Na chamada ao CCE débese facilitar a maior información posible sobre o suceso:

- Identificación da persoa e teléfono de contacto.
- Localización e tipo de emerxencia (derramo, incendio...).
- Natureza, magnitude e evolución da emerxencia.
- Existencia de feridos e estado aparente.
- Posibles produtos químicos involucrados.
- Actuacións de control desenvolvidas ata o momento.
- Calquera outra información solicitada polo operador do CCE.
- Non corte a comunicación ata que así o ordene o operador do CCE.



## CONSIGNAS EN CASO DE EMERXENCIA

- Manteña a calma.
- En caso de estar a realizar algunha actividade, cesala. Se é posible, parar e desconectar os equipos eléctricos, de calefacción, aire acondicionado, ou de calquera tipo de ventilación. Evite, na medida do posible, a renovación de aire na zona afectada.
- Avise o CCE, dando toda a información posible (tipo de incidente, feridos...).
- Siga as indicacións do servizo de emerxencia.
- Non asuma riscos innecesarios.
- Se sospeita que algunha persoa quedou atrapada na zona da emerxencia, notífiqullo inmediatamente ao persoal de intervención.
- En caso de incendio:
  - En lumes de pouca magnitude (conato de incendio), se non chegou o persoal de intervención, utilice un extintor portátil de po polivalente ABC ou CO2.
  - Asegure en todo o momento unha vía de evacuación.
  - Evite inhalar os fumes producidos polo incendio.
- En caso de emerxencia con substancia química perigosa:
  - Afastarse da zona. Non dirixirse cara ao lugar do suceso. En caso de atoparse ao aire libre, situarse en lugares afastados con vento a favor, para non ser alcanzados por unha posible nube tóxica.
  - Protexer a boca e o nariz cun pano ou peza de roupa, no posible, humedecido.
  - Non comer, beber, fumar, nin acender lume no lugar. Evitar calquera fonte de calor ou faísca.



## EN CASO DE EVACUACIÓN

- Siga as indicacións do persoal de evacuación.
- Deixe o que está a facer, se non é imprescindible para a evacuación.
- Non retroceda a recoller obxectos persoais.
- Abandone a zona de forma ordenada, seguindo as vías de evacuación establecidas.
- Non utilice o ascensor durante unha emerxencia.
- Se sospeita que algunha persoa quedou atrapada na zona afectada, notifíquello inmediatamente ao persoal de evacuación.
- Se observa nubes de gases ou fume, mantéñase lonxe delas, e fuxa en dirección transversal á do vento.
- En presenza de fume abundante, camiñe agachado e cubra o nariz e a boca cunha peza de roupa húmida.
- Se a súa roupa arde, rode polo chan. Non corra en ningún caso.
- Non utilice o seu vehículo, salvo que reciba unha orde expresa.
- Cando abandone a zona afectada, diríxase ao momento de reunión que se lle indique e agarde ordres.
- No punto de reunión, comprobe se falta algún compañeiro e, nese caso, notifíquello aos equipos de emerxencia.

## TELÉFONOS DE EMERXENCIA

<b>CENTRO DE CONTROL DE EMERXENCIAS PORTO DE VIGO (24 H)</b>	<b>900 100 802</b>
<b>AUTORIDADE PORTUARIA</b>	<b>986 26 80 00</b>
<b>NÚMERO ÚNICO DE EMERXENCIAS EUROPEO</b>	<b>112</b>





## MANUAIS DE EMERXENCIA E PUNTOS DE REUNIÓN DO PORTO

- A autoridade portuaria dispón dun catálogo de manuais de emerxencias (capitáns de buques, concesións e autorizacións, obras ou servizos, persoal da APV, visitas...) que deberán respectarse en todo caso. Poden consultarse na páxina web da Autoridade Portuaria de Vigo ([www.apvigo.es](http://www.apvigo.es)).
- En caso de evacuación, o punto de encontro das persoas presentes nas instalacións será, xeralmente, as inmediacións das súas saídas; agora ben, o recinto portuario conta con puntos de concentración xerais para o reconto do persoal. Estes puntos de reunión deben ser coñecidos por todos, aínda que o director da emerxencia poderá varialos en función da emerxencia (localización, tipo, evolución etc.). Están recollidos nos manuais de emerxencia.

<b>ÁREA</b>	<b>PUNTO DE REUNIÓN</b> Punto de Reunión Alternativo
ÁREAS DE BOUZAS Y MUELLE DE REPARACIONES	<b>Punto de control de acceso ós peiraos</b> Explanada de GALICIAMAR
ÁREA DE BEIRAMAR	<b>Curva de San Gregorio</b> Aparcamiento da Praza da Industria Conserveira (Rotonda rúa Coruña)
ÁREA DEL BERBES	<b>Aparcamiento contiguo a Lonxa de Grandes Peixes</b> Base Espigón Eduardo Cabello
ÁREA CENTRO	<b>Estatua do Nadador-Estación Marítima de Ría</b> Edificio de Sesións da Autoridade Portuaria
ÁREA DE MUELLES COMERCIALES	<b>Portalón Pezas Especiais ("Paellera")</b> Praza de Estrela
ÁREA DE GUIXAR	<b>Explanada contigua o punto de control de acceso ós peiraos</b> Portalón ADIF ("TECO")